

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 1 DE XULLO DE 2010

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaoito horas e cinco minutos do día 1 de xullo de dous mil dez, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don José Antonio López Rodríguez, don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López, don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona María del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias celebrada en datas 6 de maio de 2010 e 3 de xuño de 2010 e da sesión extraordinaria de data 12 de maio de 2010.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o sr. alcalde-presidente pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinarias celebrada en datas 6 de maio de 2010 e 3 de xuño de 2010 e da sesión extraordinaria de data 12 de maio de 2010, previamente remitidas coa convocatoria, sen que se produza obxección ou observación ningunha.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

**A aprobación das actas do Pleno da Corporación das sesións ordinarias celebrada en datas 6 de maio de 2010 e 3 de xuño de 2010 e da sesión extraordinaria de data 12 de maio de 2010.**

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º.- Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende a número 366/2010 de 28 de maio ata a número 453/2010 de 25 de xuño.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 366/2010 de 28 de maio de 2010 e a número 453/2010 de 25 de xuño de 2010, manifestando o sr. alcalde-presidente que están a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta, respecto da Resolución 443/2010, en relación coas listaxes para contratacións de peóns que lle chama a atención que dende o 24 de outubro de 2008, data na que se publicou no BOP a oferta de emprego público e logo do que veu reclamando o BNG, se veñan a utilizar listaxes para a contratación de peóns por parte do Concello, reclama que se utilice este procedemento para os demais posto de traballo, co que di o voceiro se reducirán as contratacións de empresas externas. Sobre a resolución núm. 390/2010 o voceiro di que os informes de Secretaría e Intervención sinalan que se saltan os procedementos de contratación.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que si saben que a súa vontade foi usar estas listas de oposición para poder contratar persoal e suplir as contratacións temporais e que saben das dificultades que isto entrañou para ser así e afortunadamente a día de hoxe xa non é o caso, polo que será o método de traballo habitual que seguirá o Concello. Respecto da Resolución 390/2010do outro caso di que foi un feito particular e moi concreto da Escola Taller, que había unha contratación laboral dun traballador para substituír unha baixa, e que cando se produceu a alta quedaban quince días para o remate da Escola Taller e este traballador tiña aínda pendente días de vacacións e os solicitou, que obviamente non daba tempo, en quince días, para iniciar un procedemento para cubrir a praza, e logo da consulta coa Xunta de Galicia, o que se fixo foi ampliar por quince días o contrato da persoa que cubriu a baixa motivado pola urxencia e consensado coa propia Xunta de Galicia.

2º.- Mocións.

2º.1.- Moción do grupo municipal do BNG para a retirada do canon da auga recollido no Proxecto de Lei de Augas de Galiza de data 1 de xullo de 2010.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que a urxencia ven determinada porque o Consello da Xunta de Galicia ven de aprobar a Lei da auga de Galicia sen consultar con ningún Concello nin coa cidadanía en xeral e é preciso que o Pleno, coma órgano soberano, se pronuncie antes de que esta Lei entre en vigor e pase á tramitación parlamentaria correspondente.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, fai uso da palabra e pasa a dar lectura da moción, que transcrita literalmente di:

**“MOCIÓN PARA A RETIRADA DO CANON DA AUGA RECOLLIDO NO PROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA.**

O Proxecto de Lei de Augas de Galiza aprobado polo Goberno galego substitúe o actual canon de saneamento por dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido, coa única intención de aumentar a recadación por parte do goberno do PP, a costa de familias e particulares. Mentres as administracións preparan novas rebaixas impositivas para a adquisición de segundas vivendas, sen límite de prezo nin de renda dos seus titulares, o PP

incrementa de xeito brutal e desproporcionado a imposición sobre o uso ou consumo de auga, nomeadamente para os usos domésticos, que serán os que soporten a maior suba de impostos. Xa no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos, a Xunta de Galiza, prevé duplicar a recadación prevista polo canon de saneamento para o ano 2010, cun incremento de preto de 35 millóns de euros. Unha persoa que viva soa e que teña un consumo medio, duns 3 m<sup>3</sup>. ao mes, verá como a carga tributaria do seu recibo da auga se incrementa en máis dun 363%; e unha familia de tres membros, con ese mesmo consumo por persoa, terá que soportar un incremento do 171%.

Esta é unha lei que foi elaborada sen consultar aos concellos galegos, sen discusión previa, obviando a realidade local e a grave situación económica que se sofre no país e nos concellos.

Reducen os consumos asimilábeis a domésticos, pasando dos 3.000 m<sup>3</sup>/ao ano actuais a 2.000 m<sup>3</sup>/ao ano, o que terá consecuencias moi importantes na suba que van experimentar colexios, centros de saúde, pequenos negocios, hostalaría, etc.

Suprimen as exencións existentes na actualidade para os núcleos de menos de 2.000 habitantes, prexudicando especialmente aos veciños e veciñas do rural, que terán que pagar o canon polo aproveitamento da auga dos seus propios pozos, ou de traídas veciñais, do que hoxe están exentos, e ademais aínda que non teñan servizos públicos de abastecemento de auga ou de saneamento. Só no caso de que non dispoñan de ningún destes dous servizos públicos poderán aplicar a redución prevista na lei, pero aínda non tendo ningún servizo terán que tributar polo canon da auga.

Esta lei obriga a instalar contadores homologados nos pozos particulares, baixo a ameaza de multas de até 30.000 euros.

Por outra parte, a lei non adopta ningunha medida que veña a incentivar o aforro de auga, nin nos usos domésticos nin nos outros, e por riba establece unha cota para todos os fogares aínda que non teñan consumo de auga. Trátase dunha política fiscal abusiva que queren aplicarlle a toda a poboación co único obxectivo de recadar, cando con poñer en marcha a recadación do canon industrial -como no caso de ENCE- xa incrementarían os ingresos e garantiría un uso sostíbel da auga e unha xestión transparente do canon industrial do seu uso. Vén ser outro incremento inxusto da imposición indirecta, que soportarán os galegos e galegas, independentemente dos seus ingresos, que só reponde ao interese do goberno do PP de facer recaer o incremento da recadación sobre as familias e outros usuarios que hoxe non soportan o canon de saneamento, mentres continúan a permitir a fraude fiscal aos grandes consumidores de auga cunha elevada carga contaminante, e néganse no Parlamento galego a establecer impostos para as grandes fortunas, para as rendas superiores a 1 millón de euros.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Solicitar do Goberno galego a retirada do Proxecto de lei de Augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

- a) Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.
- b) Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.

- c) Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.
- d) Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.
- e) Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canón industrial do uso da auga.

Fene 1 de xullo de 2010

O Portavoz”

Continúa dicindo o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que estes son os acordos que se pretenden adoptar para amosar a posición dos veciños de Fene sobre este proxecto de Lei de augas, xa que é moi mellorable, sobre todo na procura dun proxecto que sexa equitativo e distributivo e non un proxecto que sexa claramente abusivo e que incluso afecta a xente que non teñen eses servizos básicos na actualidade.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que van votar en contra da moción xa que están en contra dos controis preventivos, que se o que di a moción é certo débese tratar no Parlamento.

O voceiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que a moción foi entregada con pouco tempo, que só lle deu tempo a lela e que houbera querido facer algunha comprobación respecto dalgunha consideración e, que baseándose no que se di neste texto e supoñendo que sexa certo, coma o que se pide é a retirada deste proxecto e a nova redacción, vai votar a favor aínda que non puido comprobar o contido da moción.

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que están a favor en xeral por dúas cuestións, porque se ben é certo que aínda que queda o trámite parlamentario, e neste trámite os grupos da oposición, tanto o PSdeG coma o BNG poderán facer as súas aportacións, non é moi difícil deducir, vendo coma son estes trámites no Parlamento de Galicia, que finalmente ningunha ou moi poucas aportacións da oposición se incorporarán a esa nova lei, que en todo caso o que o propio Consello da Xunta formula é o que se ven formulando dende hai máis dun ano que é unha suba absolutamente abusiva e excesiva do canon da auga no conxunto dos Concellos de Galicia, unha suba que supón nalgún caso, e si se fan as comparacións, e o Partido Socialista as ten feitas, pode facer que a un veciño de Galicia lle saía máis cara a auga que a un veciño de Murcia, que a merca dunha desaladora, con todos os custes económicos que ten a auga desalada e os custes de construción que teñen estas prantas, o que non semella moi razoable, e menos razoable semella cando se fai unha vez máis sen contar cos Concellos e sen ter en conta a opinións dos veciños e veciñas dos distintos municipios de Galicia, agora iso si, a Xunta sube o canon pero o cobran os Concellos, a Xunta de Galicia non dá a cara diante dos veciños para dicir que subiron o canon unilateralmente, polo que van votar a favor desta moción para que de antemán a Xunta de Galicia saiba o que pensa a Corporación e os veciños e veciñas de Fene.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que esta moción é igual de preventiva que a do IVE que presentou o PP antes de que entrara en vigor o IVE. Di que o goberno galego presenta un proxecto de lei que é peor que o anterior canon de saneamento, xa que ven a ampliar o padrón de recadación e é unha Lei mala, porque se fai de costas aos Concellos, xa que van ser os Concellos os que recaden. Di o voceiro que cando se duplique o recibo da

auga pola suba deste canon xunto co que se vai pagar pola depuradora, e cando as casas que están valeiras ou sen servizo tamén paguen, coma se fose unha contribución máis o que dirán é que o Partido Popular acordou isto, que ademais se ten a experiencia de que o canon de saneamento anterior que se fixo para sanear este país. Di o voceiro que hai uns doce anos que existe este canon de saneamento e que na ría de Ferrol aínda non hai depuradora e no outro lado tampouco a teñen, que a van ter, pero para isto tiveron que pasar moitos anos de recadación. Di que o PP na cámara autonómica ten un deputado máis que a oposición e saben que a Lei vai saír adiante, que aceptarán algunha emenda se lles parece e se non o aprobarán coa súa maioría, que coma Pleno, éste é o momento procedemental de presentar esta moción, xa que no mes de setembro cando se volva a este tema, a Lei xa vai ser un feito consumado, xa estará aprobada, polo que entenden que é un xeito de alertar, de deixar de manifesto nunha acta para que dentro dun ano ou dous, cando teñamos o recibo co dobre do importe actual, no que haberá tamén unha parte que non será do custe do servizo, que será vía impositiva pura e dura, polo que queren deixar constancia desta cuestión. Di que á xente non é fácil de explicarlle unha suba do recibo, sen que esta sexa por mor dunha decisión participada e sen poder dicir que hai unha suba. Ademais sinala que no se grava si na comarca xa hai varias que usan a auga de xeito importante, e cita coma exemplo o caso de ENCE.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que pregunta porqué en catro anos o anterior goberno da Xunta de Galicia non lle subiu o canon as grandes industrias. Continúa dicindo que a subida do IVE entra hoxe en vigor e que foi aprobado con anterioridade nos orzamentos do Estado, e que unha cousa é a aprobación e outra cousa é a entrada en vigor, polo que os supostos son diferente. Di que se remite ao trámite no Parlamento Galego e apunta que si se aproba con maioría, hai catro anos tamén se fixo así.

O sr. alcalde manifesta respecto da depuradora, compartindo o dito polo voceiro do BNG que podería entender que a Xunta de Galicia subise o canon un cen por cento ou a porcentaxe que sexa si se xustificase a construción dunha depuradora na banda sur da Ría de Ferrol, pero non é o caso. Di que a depuradora está orzamentada pola anterior Consellería de Medio Ambiente o e anterior goberno galego, que tivo que haber un cambio de goberno en Galicia para que a antiga promesa de Fraga e Cuiña, do ano noventa ou noventa e un, se materializara e se poida ter depuradora e colector en Fene, que afortunadamente, está en fase de construción. Di o alcalde que se podería dicir se vai subir o canon, xa que con iso se vai facer o financiamento posterior desa depuradora e se vai apoiar aos Concellos no canon que teñen que pagar para o mantemento desas depuradoras, pero non é o caso, xa que recentemente a Xunta de Galicia remitiu unha carta ao Concello de Fene, Mugardos e Ares na que os insta a constituír unha mancomunidade dos tres Concellos para poder xestionar esa depuradora, o mantemento desta e polo tanto dos custes de metro cúbico de auga que cada Concello transporte a ela, que será unha suba que obviamente terá que soportar o Concello e os veciños e veciñas de Fene. Di que é inxusto que ademais disto se suba o canon sen saber para que, e pregúntase se a Xunta de Galicia, con esta suba a rematar o saneamento e abastecemento de auga no Concello de Fene. Di que na última xuntanza co Conselleiro de Medio Ambiente lles dixeran que do dito, nada e que ademais, respecto do proxecto de Magalofes, do que ía poñer a Xunta, o Concello tería que asumir o corenta por cento, polo que pregúntase para saber a qué van aplicar o canon, qué van facer cos cartos que lles van quitar directamente ao conxunto de veciños e veciñas de Fene e si esta explicación fose racional, podería estar de acordo, pero o que ve é que se vai cobrar e que vai subir bruscamente o recibo da auga e do saneamento sen ningún beneficio para o Concello. Prosegue dicindo que se o que se busca non é un afán recadatorio e é un beneficio social, que se explique, pero que coma non se consegue explicar, entende que o que hai é un intento da Xunta de recadar

máis cartos, polo que non poderán apoiar nunca unha suba coma esta e votarán a favor desta moción.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG para a retirada do canon da auga recollido no Proxecto de Lei de Augas de Galiza de data 1 de xullo de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Catro (4), (dos sres/as. Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal).

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**Solicitar do Goberno galego a retirada do Proxecto de lei de Augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:**

- a) **Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.**
- b) **Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.**
- c) **Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.**
- d) **Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.**
- e) **Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canón industrial do uso da auga.**

2º.2.- Moción do grupo municipal do BNG de apoio ó levantamento do veto a ASTANO de data 1 de xullo de 2010.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que a urxencia ven determinada porque onte rematou a quenda da presidencia española da Unión Europea e dende o BNG entenden que logo de seis meses de marxe hoxe era o día no que o Pleno tiña que mostrar a súa satisfacción ou insatisfacción en relación aos compromisos adoptados polo presidente do goberno en sede parlamentaria en relación con Astano, polo que urxe politicamente, un día despois da finalización da presidencia europea e di que non tiña sentido levar isto previamente á Comisión, por non estar cumpridos os seis meses da presidencia europea, e podía ser que aínda estiveran en tempo de ter conseguido algún logro relativo ao levantamento do veto, polo que entende que hoxe era o día en que o Pleno do Concello de Fene se posicionase a prol do levantamento do veto a Astano e respecto da aptitude dos distintos ministros e do propio presidente do Goberno.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Seguidamente o concelleiro do grupo municipal do BNG, Edgar Antonio Vigo López, fai uso da palabra e pasa a dar lectura da moción, que transcrita literalmente di:

## **“MOCIÓN DE APOIO AO LEVANTAMENTO DO VETO A ASTANO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado mércores 30 de xuño, onte, rematou a presidencia española de turno da Unión Europea. Isto non sería noticia no noso concello, de non ser polas esperanzas que o señor presidente do goberno e o seu grupo político trataron de trasladarnos aos veciños e veciñas de Fene sobre a oportunidade para realizar a negociación sobre o levantamento do veto a Astano.

Como todos e todas sabemos, o Presidente do Goberno español adquiriu en tres ocasións o compromiso político perante o Pleno da Cámara de que desde a Presidencia da Unión Europea faría o traballo necesario para levantar o veto á antiga ASTANO.

Por outra parte, en maio de 2009, o Congreso dos Deputados aprobou a seguinte resolución, a instancia do BNG: *“Apertura dun proceso negociador para revisar os acodos do ano 2004 que limitan ata o ano 2015 a actividade produtiva do estaleiro de Fene a tarefas auxiliares do estaleiro Navantia-Ferrol, coa finalidade de que o estaleiro de Fene poida desenvolver plenamente as súas actividades produtivas en todos os ámbitos da construción naval civil”*.

Transcorrido o mandato da Presidencia da Unión Europea, Rodríguez Zapatero non realizou ningunha xestión para suprimir as limitacións que pesan sobre o estaleiro de Fene. E non só iso, senón que o Ministro de Industria declarou en dúas ocasións no Senado, que o Goberno non decidira se sería convinte negociar coa UE o fin do veto ao estaleiro de Fene e deixou ver, ademais, que o executivo español non tiña vontade de realizar ese traballo.

O pasado mércores 23 de xuño, no debate sobre o resultado da presidencia europea, Rodríguez Zapatero indicou que este é un tema moi complicado e que por iso non puidera avanzar nada, coma se iso fose unha novidade, incumplindo a súa palabra e o mandato do parlamento e demostrando a súa incapacidade e falta de vontade para negociar aspectos vitais para o noso concello.

Para continuar, engadindo mentiras e falsas esperanzas, cando o ministro de fomento José Blanco visitou o noso concello (31 de marzo), realizou unhas declaracións nas que mantiña que o Goberno central propuxo «en todas as oportunidades que ha tenido» o levantamento do veto, pero escudouse en que «se trata de una decisión de la Unión Europea». «El Gobierno español lo ha planteado en todas las oportunidades que ha tenido, yo mismo se lo he planteado al comisario de la Competencia, Joaquín Almunia», sentenciou o mandatario de Fomento.

Pero como a improvisación e descoordinación lideran o día a día da xestión do goberno do estado e do seu partido, o comisario da competencia, tamén do partido socialista, reitera en varias ocasións, xa próximas ao remate da presidencia europea, que el non recibiu ningunha petición en ningún momento para o levantamento do veto a Astano (¿quén minte?) e que se así fora, habería que devolver todas as axudas: “cualquier modificación supondría la devolución, por parte del Estado, de 975 millones de euros, en concepto de la devolución de

la subvención otorgada ilegalmente para la reestructuración de Izar en 2001". É dicir, cando a comisaria non era española, afirmou que se podería estudar que as axudas fosen devoltas en proporción a quen as recibiu e polo tanto o máximo que tería que devolver Astano ao estado español (non son axudas a devolver a Europa) serían como máximo do redor de 60 millóns de euros. ¿Para qué serve ter políticos españois en Europa?

Outra mostra do desaguisado que representa o PSOE nesta comarca, son as verbas de Xavier Carro, deputado pola provincia de A Coruña e que chegou en varias ocasións a votar no parlamento do Estado contrariamente ao que o seu partido votara no parlamento galego con respecto ao levantamento do veto. Este deputado, é capaz de querer facer ver que o traballo do goberno é incansable, pero que aínda que non o fose, Astano non ten oportunidades de futuro nestes intrres. É dicir, cando alguén do goberno lle pregunta a alguén que coñeza o tema, o interlocutor é este home que defende que se se lle levanta o veto a Astano, ninguén sabería que facer. Este home debería de estar máis informado e saber que a Fundación Ferrol Metrópoli có apoio do Colexio de Enxeñeiros de Galicia, fixo un estudio financiado polo Ministerio de Industria no que se estudan tódalas posibilidades de futuro do estaleiro e a súa viabilidade no contexto actual e ademáis, debería de ser consciente do dano que lle está a causar aos seus concidadáns.

Todas estas situacións esperpénticas, que nesta comarca levan sucedendo varios anos e afectando totalmente á empresa principal do noso concello, non so tiveron a súa resposta polos políticos nacionalistas en tódolos seus eidos de actuación, senón que provocaron tamén a creación nunha asemblea por réxime de autoconvocatoria, dunha comisión promotora para conseguir realizar unha I.L.P. que como punto principal solicita o Levantamento do Veto a Astano. Esta comisión leva o nome de Rumbo 21 e conseguiu nesta comarca máis de 15.000 sinaturas para lograr este obxectivo, ademáis de acordos unánimes no parlamento galego. Rumbo 21 conseguiu mudar a situación de pasividade na sociedade e puxo enriba da mesa o problema principal que provoca a perda de emprego no noso concello e comarca e nós, non podemos máis que apoialos e felicitalos polo traballo feito, non olvidándonos do que é un clamor na sociedade da comarca e que o goberno do estado non fai nada para solucionar.

Os datos de desemprego e emigración da xente nova na nosa comarca chegan a números insultantes e mentres existan políticos que o único que lles importa é aparentar que buscan solucións cando se achegan as zonas dos problemas ou a campañas electorais e posteriormente non fan nada para solucionarlos máis que mentir e mentir, non nos queda outra opción, dende a nosa representatividade política que solicitar o que se merecen e nos merecemos.

Acordos:

1.- O Pleno do concello de Fene aposta decididamente polo levantamento do veto a ASTANO para a construción naval civil.

2.-O Pleno do Concello de Fene veta a presenza institucional do señor Presidente do Goberno do Estado Jose Luis Rodriguez Zapatero, a dos seus ministros Jose Blanco e Miguel Sebastian ademais da do Comisario da Competencia Sr. Joaquín Almunia e a do Deputado pola provincia de A Coruña Xabier Carro.

3.- O Pleno do concello de Fene declara persona "non grata" ao señor presidente do goberno Jose Luis Rodriguez Zapatero.

Fene 1 de xullo de 2010  
O Portavoz



Manuel Polo Gundín”

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que van votar a favor da moción, xa que están de acordo coas razóns expostas na exposición de motivos e tamén están de acordo co que se lle pide a este Pleno que subscriba. Continúa dicindo que a eles esta moción se lles pasou por escrito e se lles pasou, lóxicamente, sen o anagrama do BNG, que pensaban que era unha moción para presentar conxuntamente neste Pleno e que eles fixeron as súas puntualizacións, moi poucas a verdade, porque a moción estaba ben, que tan só puntualizaron unha frase e unhas comiñas co cal manifestaron o seu acordo e que lles houbera gustado subscribir esta moción, pero coma xa se sabe, neste Concello e nesta Comarca os que se preocupan por Astano son os do Bloque. Di que eles van votar a favor desta moción por coherencia, e polo mantemento da palabra dada, pero pensa que na política municipal hai que actuar doutro xeito.

O voceiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que esta moción lle foi entregada fai dous minutos e non lle deu tempo a lela; que é verdade o que se di e que coincide coa exposición de motivos; que está totalmente de acordo co primeiro punto, que co segundo punto máis ou menos e respecto do terceiro punto di que lle parece moi ben declarar persoa non grata ou vetar a Zapatero, polas consideracións que vai facer despois, pero á hora de declarar persoas non gratas haino que facer con tódolos políticos que fan cousas semellantes. Di que para solucionar estes problemas non só é o de declarar persoa grata ou non grata, neste caso a Zapatero, que hai motivos dabondo para declaralo persoa non grata, pero que para el en política non son gratos todos aqueles políticos que lexislan, que se presentan a unhas eleccións cuns programas, e que cada vez que son elixidos non fan o que se recolle nos seus programas, e pon coma exemplo o Parlamento español, que o pobo español, o noventa ou noventa e cinco por cento da poboación se atopan entre as clases baixas, traballadores, xubilados ou pequenos empresarios e esta porcentaxe está representada por dez ou quince deputados, e que o mesmo se pode dicir das Comunidades Autónomas e que ese cinco ou dez por cento, que son o resto, o gran capital, a banca, as grandes empresas están representados por trescentos trinta ou trinta e cinco deputados, polo que si se declara persoa non grata a un “señor” tamén se ten que declarar persoa non grata aos outros trescentos trinta ou trinta e cinco, si se quere ser coherente cun mesmo e que isto serve tanto para o Parlamento español coma para o europeo ou o autonómico. Parlamentos que están ocupados, di o concelleiro por auténticos ocupas políticos, persoas que están aí sentadas, que foron cun programa e logo de sentarse aí, están a facer o contrario, e ese é o ocupa político, todo aquel dirixente que fai unhas promesas, se presenta a unhas eleccións e logo fai totalmente o contrario. Di que a el non lle sorprende o que fai Zapatero, xa que igual que se houbesen presentado quince mil sinaturas ou dous millóns e medio de galegos ou coarenta millóns de españois representados polos citados trescentos trinta e cinco señores que nos representan así coma os outros seiscentos e pico que hai no Parlamento europeo se rin do pobo, que está representado por uns ocupas que son persoas non gratas. Continúa dicindo que para isto teñen que ser declarados persoas non gratas todos, que pouco fan ao declarar a unha persoa non grata cando en vinte e cinco anos nalgún momento todos tiveron a oportunidade de facer algo por este asteleiro e non se fixo e non se fai agora, e que el ten algo claro, que o PSOE non fixo nada e o PP tampouco vai facer nada e o que pense outra cousa será un crente de Santa Claus ou dos Reis Magos.

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que dende o Partido Socialista o voto vai ser en contra da moción. Di que a postura do Partido Socialista ven sendo invariablemente a mesma, non só neste mandato senón nos últimos anos, e é unha postura que fai fincapé en tres principios básicos: que o estaleiro de Fene ten que ser un estaleiro público, que o estaleiro ten que estar habilitado para a construción civil e militar e en terceiro lugar que o estaleiro de Fene e todas as decisións que se adopten sobre o estaleiro de Fene teñen que estar

necesariamente consensuadas cos traballadores/as do estaleiro, e por tanto co seu comité de empresa e os seus representantes sindicais. Di que con estes principios básicos abordaron o tema do veto en varias mocións no Pleno de Concello, que o Partido Socialista de Fene apoia totalmente o levantamento do veto a Astano, tendo en conta, coma tamén dixeron algunha vez, que non é a solución definitiva, que levantar o veto o que pode facer e pórlle as pilas a Navantia para que efectivamente, no ano dous mil quince, cando caia si ou si ese veto, o estaleiro de Fene estea preparado para competir no sector civil, que teña o seu equipo de enxeñería, que teña o seu plan de empresa, que teña as súas instalacións habilitadas e perfectamente capacitadas para traballar e incluso que teña en trámite unha carteira de pedidos en trámite ou xestionada para que, a partir do ano dous mil quince, o estaleiro de Fene poida competir plenamente no sector civil, independentemente de que o veto caia hoxe ou no ano dous mil quince. Di que recentemente ao deputado do BNG Francisco Jorquera que viña a dicir algo moi semellante, que independente de cando caia o veto, en termos prácticos, era moi difícil que o estaleiro puidera competir ata o dous mil quince no sector civil e que en todo caso para eles o obxectivo fundamental debe ser que Navantia vaia preparando o estaleiro neste senso para competir a partir do ano dous mil quince e esa é tamen a postura que o Partido Socialista defendeu neste Pleno sempre, postura que os levou, por exemplo na última moción que veu a este Pleno, a votar a favor e apoiar a mobilización de Rumbo 21 pedindo o levantamento deste. Di que obviamente, o seu grupo non poden estar a favor da moción porque cren, e tamén o dixeron reiteradamente neste Pleno, que en primeiro lugar máis na colaboración que na confrontación institucional á hora de abordar situacións e diferentes temas que o Concello teña por diante e tamén, que era unha empresa case imposible e que si confían nas palabras do ministro e do presidente do goberno. Tamén credi o alcalde que o propio presidente do goberno no ano dous mil catro, xunto co que daquela era ministro de economía, Pedro Solves, conseguiron fronte as pretensións iniciais da Unión Europea que dous estaleiros que inicialmente eran civís, que eran de Fene e Puerto Real, se poidan integrar na empresa pública, en Navantia, xunto cos estaleiros militares, cousa que a UE non contemplaba nun primeiro momento e salvan, coa situación que hai, sinala que xa teñen dito que non é a mellor, o estaleiro de Fene do peche, da privatización e en definitiva, probablemente da eliminación física dun estaleiro no Concello de Fene que era a ruta, que o Partido Popular tiña trazada para este Concello. Polo tanto, di o alcalde que eles non poden apoiar para nada a declaración de persoa non grata do presidente do goberno nin dos seus ministros e polo tanto o Partido Socialista, seguirá marcando a súa postura neste Pleno sobre os diferentes momentos nos que se aborde isto, polo que conclúe que o Partido Socialista e vai votar en contra desta moción.

Seguidamente o concelleiro do grupo municipal do BNG, Edgar Antonio Vigo López, fai uso da palabra para manifestar en primeiro lugar quere pedir desculpas ao Partido Popular xa que esta vez tocoulle a el facer a xestión, ao non estar o seu voceiro, de achegarlles a moción, que foi sen o logo do BNG, por se tratar dun borrador, pero sempre pensando en ser unha moción do seu Grupo e coa intención de buscar apoios para o Pleno. Continúa dicindo, que lle encanta escoitar ao sr. alcalde xa que dende que o señor Almunia está de comisario da competencia, e segundo as súas palabras na Televisión de Ferrol, “se lle vai a pinza”, pois pasan cousas moi estrañas. Prosegue dicindo que onte estivo o señor Miguel Sebastián en Santiago e afirmou o seguinte: a decisión de non pedir na UE unha ampliación da carga civil de Navantia Fene é unha decisión razoable, pois hai carga de traballo suficiente para os próximos anos e manifesta o concelleiro que se ao comisario se lle vai a pinza a este ministro tamén, e que se podería vetar a súa presenza. Di que coma ben comentou o sr. alcalde, falou co Ministerio e non co ministro, e o Ministerio estaba traballando arreo para levar adiante isto, e que cousas tan difíciles para presidentes tan incompetentes son imposibles, continúa dicindo que outra das cousas que lle sorprende, penosamente e que lle demostra que si que é o BNG o que loita por este asunto sempre, é a reunión que tivo o señor Sebastián co Presidente da Xunta, na que o tema principal foi o turismo do Xacobeo, cando o Ministerio de

Industria é o que leva a negociación do levantamento do veto a Astano en Bruselas, que é o máis importante para o noso país, que comprende que o Xacobeo pode ser un segundo punto da axenda, pero non que non exista o punto do levantamento do veto naquela, que é moi bonito facer unha nota de prensa sobre este asunto e facer algunha que outra pregunta pero ao señor Rajoy, xamais lle escoitou falar de Astano mentres que o BNG sempre, un dos seus dez puntos da candidatura para ir as eleccións do Parlamento do Estado foi o estaleiro de Fene e que hai que recoñecer que o BNG sempre loitou por este estaleiro e non o fai só cando hai eleccións. Continúa dicindo que hai algo que non comprende cando o sr. alcalde di que ten claro que un alcalde do Partido Socialista que estivese na Alcaldía de Puerto Real ou de calquera outro lugar que estea representado e que teña o problema do sector naval, ten claro que estaría loitando, totalmente, polo levantamento do veto da súa empresa, que é increíble que sexan eles mesmos os que fagan a mellor política para os andaluces e di que onte estivo aquí o BNG concentrado durante doce horas para reclamar o que lles pertence, que é que os mandatos do Parlamento sirvan para algo, e non para estar sentados, que estivo aquí un señor que foi representante dun sindicato nacionalista nu dos estaleiros de Ferrol e dicía que unha vez case o tiran dun arribo durante unha reunión cando dixo que o comité de empresa que tiñan nesta comarca era o mellor comité que podían ter en Andalucía, e hoxe en día estase a vivir a mesma situación con vostede e co señor Irisarri, que é máis, que teñen sorte de que non os meteran nesta moción, porque igual o merecían.

Prosegue o concelleiro Edgar Antonio Vigo López, que di defender o público e quere que Navantia sexa pública pero quere que a empresa traballe, que quere que sexa unha razón social, sen que proporcione traballo, son precisas actividades produtivas que apoiem o resto das actividades. Prosegue dicindo que hai estudos, coma o do Colexio de Enxeñeiros de Galicia que falan sobre as posibilidades de Astano. Di que as solucións están no Parlamento do Estado español e que é moi doado ser alcalde de Fene e botarlle a culpa á Xunta ou ao Estado, e que tamén é moi doado ser o presidente do Estado e botarlle a culpa ao Bloque, que España o que defende é que Andalucía ten moitos votos e Galicia non, os estaleiros de Puerto Real recuperanse para o sector militar e para o civil, pero o de Fene non, e que o único estaleiro que está vetado é o de Fene e o de San Fernando, e os de Puerto Real e Cádiz teñen unha capacidade ben pequena, polo que se pode concluír que o único estaleiro que queda fóra da construción naval é o de Fene, polo que pregunta porqué, respostando que se debe a que son competencia clara e absoluta dos que hai en Andalucía. Pídelle ao Sr. alcalde que defenda aos feneses e non defenda aos andaluces, que é o mellor que se pode ter para os negocios de todos. Sinala que hai que ter en conta ao comité de empresa pero o comité de empresa de Navantía non é o dono de Navantia, é unha representación dos traballadores e ten moito que dicir, pero moito máis que dicir terá toda a comarca, xa que si o comité de empresa de Navantia o que decide é cruzarse de brazos e mirar para o aire e esperar que os prexubilen, como comprenderá, o resto da sociedade non pode esperar o mesmo.

Prosegue o concelleiro dicindo que hai tres anos se lles falaba dos espazos ociosos, e el quere saber cales son, como o das bateas ou o de meter Salvamento Marítimo en Imenosa, e pregunta se son as xeracións de emprego que se fixeron nos espazos ociosos e afirma que non son espazos ociosos se non que son gradas valeiras, talleres pechados e instalacións infrautilizadas, e di que por iso é polo que todos teñen que loitar, e da man do alcalde, pero o alcalde non quere, e di que a man fría, que hai que loitar polo noso e non é xusto que vostede defenda o que defende, coma o de ter ademais de representante ao señor Carro, que coma pode vostede ou calquera do seu partido, di que o sector naval, que nesta comarca conta con todo tipo de instalacións, oficios e persoal e sabe facer todo tipo de actividades, que di que non se saben facer aquí as cousas, que o que hai que facer é que planificar e non pór de directivo dunha empresa pública a un que estaba no ICO, que coa marcha do ministro Solves, coma castigo o puxeron de director de Navantia, porque esas son as situacións que pasan nesta empresa, que colleu a dirección da empresa a tres anos de xubilarse e non cree el que

as súas aspiracións sexan conseguir o mellor futuro para esa empresa, que oxalá que si, pero os números non dan.

Continúa dicindo que hai que ter é claridade política e loitar polo que hai na bisbarra, que non se pode estar loitando polo que hai en Andalucía, que lles desexa que teñan todo o traballo do mundo, pero non quitándoo aquí; que sempre se está co discurso de que hai que ser solidario, pero pregunta se quen é máis solidario que o pobo desta comarca. Prosegue dicindo que lle encantaría que votaran a favor desta moción, pero entende que non o van facer e pide que fagan o imposible por solucionar os problemas que ten esta comarca, que o problema do número de parados da comarca é increíble, xa que pola cantidade de emigración que hai, deixa moi pouca poboación activa e que o resto están prexubilados, polo que os que quedan para traballar están en paro. Dille ao señor alcalde que teñen que loitar porque este Concello teña unha saída, e non vale o de que o mercado naval é moi complicado, xa que lle poñen vetos, está claro que é complicadísimo, pero si o mercado naval está aberto e Navantia e Astano poden competir, este asteleiro é un “coco” a nivel mundial, que tódolos estaleiros do mundo lle temen e que hai que loitar para que Astano siga así. Prosegue dicindo, respecto do dito polo concelleiro do grupo mixto municipal, que ten claro que hai moitos “chupatintas” neste mundo pero o que tamén ten claro é que os que se comprometen a facer algo polo noso Concello e non o fan, e aínda por riba o que fan é desvirtuar, ir dun lado para outro, contar mentiras e facer todo o posible por engalioar ao persoal e non facer nada, eses merecen o que na nosa moción significamos.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que dende o seu partido se aceptan as desculpas e aclara que se dende o BNG se lles dera traslado dun texto sen logo nin sinatura, polo que se lle suxeriron varias modificacións que dende o PP se entendían partidistas a prol do BNG e se engadiron tamén outras suxerencias para manifestar o apoio do PP, e logo aparecen coma unha moción do BNG, suxestións que é normal que dende o PP se teña un malestar con isto e sinala as cousas non se fan así. Prosegue dicindo que quere recordarlle ao alcalde que cando fala da folla de ruta do PP para pechar o astaleiro hai que pensar que Felipe González saíu do goberno e que Bazán xa estaba ameazada xa cun expediente de regulación de emprego porque xa non había traballo e dun xeito rápido se sacou o buque de apoio loxístico para dar traballo a Bazán e para que os traballadores non se fosen á rúa, que logo de facer fragatas españolas, de contratarse as fragatas noruegas e despois as australianas, que Astano, dentro do que cabe, tivo un pequeno rexurdimento e logo disto non se pode dicir que o goberno do PP tivera unha folla de ruta sobre o peche de Astano. Di que dicir que o que se faga ou o que se diga aquí non ten transcendencia ningunha non é certo, xa que aínda que non teña efectos fóra si o ten dentro e os veciños de Fene non se merecen isto. Di que cre que estas persoas que se citan na moción o que fixeron foi tomarlle o pelo a cidadanía e que xa sabían que non ían facer nada; que a reconversión do ano oitenta e catro a fixo o PSOE e que esta última tamén, polo que non se pode dicir que o PP quixo pechar Astano, que cada un ten que asumir as súas responsabilidades, que el xa dixo nalgún Pleno que a súa convicción política non é tanta coma para apoiar ao meu partido en decisións que foran en contra dos veciños de Fene e que lle ten dito ao alcalde que tiña moita valentía política e o volve repetir. Conclúe dicindo que respecto das axudas, coma ben dixo o concelleiro do BNG, son axudas que as hai que devolver ao goberno español e non a Europa e lamenta que pasara esta oportunidade sen que se fixera nada, que por todo isto van votar a favor desta moción.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, que di que respecto do punto primeiro está totalmente de acordo, que respecto do segundo di que se trata dunha moción que se queda totalmente corta, que o problema non son as tres ou catro persoas que se citan nesta moción senón que é o sistema que se fai chamar democrático, que inclúe políticos que se renovan cada catro anos con políticos que

non cumpren os seus programas, que ese é o problema e que non só afecta aos políticos de España, aos galegos ou aos andaluces, tamén afectan aos políticos de Europa e por iso di que os veciños de Fene e o resto da cidadanía non se merecen aos políticos que os representan, que estes son os que afundiron o sector naval non só en Fene, senón tamén en España. Di que pensa que a moción se queda corta, que non só hai que declarar non gratos a estas persoas, senón que tamén hai que facelo cos anteriores e con tódolos que contribuíron a chegar a esta situación.

De seguido intervén o alcalde para responderlle ao voceiro do PP dicindo que dar leccións para actuar por convencemento propio e para actuar por políticas que adopten os nosos partidos a nivel xeral non as necesitan, xa que si algo fixo o partido socialista neste Pleno ao longo da súa historia foi defender aquilo que considerou consecuente e di que el non ten ningún tipo de remordemento ou conflito moral pola asociación política na que milita, independentemente de que hai cousas que se comparte e cousas puntuais das que un pode diverxer e que quere recordar que fai uns meses o partido socialista de Fene e estes concelleiros que están aquí acudiron á manifestación en Ferrol de Rumbo 21, sen que o Partido Socialista apoiara esa mobilización, do mesmo xeito que se apoiou unha moción porque chegaron a un entendemento para consensuar uns acordos, sen ningún tipo de problema ou cuestionamento moral por pertencer a formación política na que militan, pero que non se pode dicir que vota o seu grupo en contra dos intereses do seu pobo por estar de acordo co seu partido, xa que só hai que mirar para a moción do anterior punto da orde do día, polo que pide un pouco de seriedade á hora de abordar os debates. Continúa dicindo respecto das alusións a Andalucía que o debate territorial é efectista e pode ser cómodo, incluso, para explicar determinadas cuestións, que coñece o estaleiro de Puerto Real e a día de hoxe non cambia nin o estaleiro nin o traballo de Puerto Real polo traballo de Fene, polo que pide que se preocupen de Fene e dos astaleiros de Ferrol, Respecto da postura do Partido Socialista sobre os astaleiros pregunta o concelleiro do BNG o que comparte. Pregunta se non comparte que o astaleiro sexa público, que sexa civil e militar ou que se dialogue co comité de empresa e cos sindicatos, xa que son os únicos tres puntos que o Partido Socialista defende inquebrantablemente respecto do estaleiro de Astano, e neses tres puntos vanse encontrar sempre, con independencia do que digan os demais partidos, e que cando se queiran chegar a consensos nese marco se chegarán, xa que isto é, di o alcalde, a postura do Partido Socialista ten respecto a Navantia, reiterada en varias ocasións, e o que non comparten aquí é a repobración dunha serie de responsables institucionais.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do BNG Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedida, manifesta que sendo certo o dito polo voceiro do Partido Popular, de que se xerou certa carga de traballo en Bazán durante o mandato do PP, non é menos certo que os números para as arcas públicas doen, e que dende o BNG teñen que ver isto dende a súa globalidade, xa que se fixeron barcos para fóra que custaron moitos cartos, e ademais barcos de guerra,; que en todo caso, queren pedirlle en particular aos seus compañeiros de partido a mesma firmeza neste asunto, tanto en Galicia, coma en España ou a nivel europeo. Prosegue dicindo, respecto ao dito polo voceiro do grupo mixto que dende o BNG comparten o que di, que el en particular é moi antisistema, incluso comunista, pero o problema é que teñen unha cuestión concreta, nun momento concreto, e hai a opción de dicir que o sistema non vale ou ben poden participar nesta democracia burguesa, na que vostede participa, e na que eles tamén participan, que se pode incluír a algunha persoa máis coma Felipe González, pero o pobo xa o ten amortizado e quen fallou realmente neste semestre respecto do levantamento do veto a Astano foi o presidente do goberno, os ministros e a Comisión tamén, xa que está claro que algún destes minte, xa que cada un di cousas incompatibles entre si, polo que se non se dan explicacións dende o BNG o único que podemos dicir é que estes señores non poden vir a este Concello, en representación institucional, e anuncia o compromiso do BNG de traer a este Pleno a mesma moción en sentido contrario si se consegue algo nos dous anos

que quedan de veto. Di que aínda hoxe sae en prensa o que o comité de empresa de Astano dicía fai vinte e cinco anos, que había unha estratexia PSOE – UGT para pechar o astaleiro, e neste sentido lembra que o ministro onte pola mañá mentiu outra vez e a este Pleno só lle queda reprobado isto e ten que dicir que estes señores non poden vir por aquí alegremente, que só poden vir aquí a dicir que se vai levantar o veto de Astano e cunha data, e se veñen eles van ter a elegancia e o xesto de retirar esta moción e logo de recibilos correctamente, coma non podía ser doutro xeito.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal, quen unha vez concedida, sinala que non lle gusta que se cambien as súas palabras, que o primeiro que dixo cando se votou a moción sobre a auga foi que era un proxecto, e sobre deste proxecto si o BNG consideraba que o que se dicía era que se levaba ao Parlamento de Galicia e afirma que non se pronunciou sobre esa moción, xa que a Lei estase tramitando e é susceptible de melloras, e di que descoñece o contido dese proxecto de Lei e logo de presentar esta moción agora mesmo, el non ten porque crer o contido desa moción. Di que non se pode comparar a subida dun canon co afogamento dunha comarca. Dille ao voceiro do BNG que non se poden crer tódalas cousas, si en aquel momento a empresa estaba nunha situación mala e a xestión económica non foi boa, ao mellor houbo que tomar medidas moito antes, que seguro que non foron as medidas que quería o Partido Popular, e hai que ter en conta que cando se negocian grandes contratos, coma os das fragatas noruegas ou os buques que se están a facer para Australia, que sempre hai contraprestacións, que é evidente, que ninguén regala nada, e esas contraprestacións as veces fan que ese tipo de contratos non sexa todo o beneficioso que puidera ser, pero que hai que poñer moitas cousas na balanza para poder tomar a decisión; que respecto da actividade que se levou en Astano durante moitos anos, quere recordar o dito en moitos foros que é que Astano xa case estaba a saír dos números vermellos e non percibiu nin necesitaba percibir nada xa que naquel momento, coa actividade que se xerou, case se pasaba xa aos beneficios, polo que afirma que a xestión non foi tan desastrosa.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Manuel Sánchez Martínez, quen unha vez concedido manifesta que quere que quede claro que se vai abster, que está de acordo co primeiro punto, segundo e terceiro puntos son totalmente insuficientes xa que declarar persoas non gratas a estes señores que se di nesta moción exculpan a outros que teñen tanta ou máis culpa ca estes.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG de apoio o levantamento do veto a Astano de data 1 de xullo de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), (dos sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Votos en contra: Sete (7), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo.).

Abstencións: Unha (1), (do sr. Sánchez Martínez)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**1.- O Pleno do Concello de Fene aposta decididamente polo levantamento do veto a ASTANO para a construción naval civil.**

**2.- O Pleno do Concello de Fene veta a presenza institucional do señor presidente do**

**Goberno do Estado don José Luís Rodríguez Zapatero, a dos seus ministros don José Blanco e don Miguel Sebastián ademais da do comisario da Competencia don Joaquín Almunia e a do deputado pola provincia de A Coruña don Xabier Carro.**

**3.- O Pleno do Concello de Fene declara persoa "non grata" ao señor presidente do Goberno don José Luís Rodríguez Zapatero.**

Neste momento o alcalde anuncia un receso na sesión de cinco minutos.

Rematado o receso se reinicia a sesión co seguinte punto da orde do día.

3º.- Rogos e preguntas

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido roga ao sr. alcalde para que non dea máis datas das xestións municipais, xa que fallou coa data do murete das obras da praia de Limodre, que dixo que ían estar o día quince de xuño e aínda non están hoxe, polo que entende que é un moi mal precedente dar datas de obras que non se controlan, así que rogan que se xestionen solucións á accesibilidade da praia, aínda que sexa peonilmente, xa que a xente está a cruzar polo medio da obra e iso é un problema. Di que tampouco acertou na contratación das obras do POS e do PCP 2007, que no Pleno de abril, no que se pediu a comparecencia do concelleiro de obras dixo que ían estar a trinta de xuño e non están, e o que é peor é que na acta da Comisión Informativa de vinte e oito de maio, se lle preguntou ao concelleiro responsable e dixo que faltaba un informe da Axencia Galega de Legalidade Urbanística pola zona de afectación do Castro de Limodre e que de tódolos xeitos se pediron prórrogas ata novembro e no Pleno de xuño, preguntándolle o mesmo o alcalde, dixo que o que falla é un permiso de Adif e que as obras se poden executar despois do trinta de xuño, que non hai problema, pero non fixo mención á prórroga, que estaba pedida o dezoito de maio, é dicir, con anterioridade, que non se dá conta da prórroga no Pleno e que o alcalde e o concelleiro de Obras fan alusións a permisos distintos, polo que roga que se coordinen e que procuren afinar cando se dean respostas. Di que tampouco acertou na data da presentación do extraxudicial, que dende decembro o leva prometendo tódolos meses, que fallou na data de presentación do orzamento, xa que aínda se lles entregou hoxe un borrador; que fallou no cumprimento dos acordos asinados co persoal deste Concello, acordos asinados máis por non falar xa, di o concelleiro, de tódolos pagamentos que ten que facer o Concello a provedores, subvencións e demais que están sen facer e todas as datas que se dan son matematicamente falsas, que a eles lles chegan numerosas queixas neste sentido, de empresas que teñen problemas de liquidez que non poden pagar a provedores porque se lles di que van cobrar nun prazo que non é, polo que roga que non se dean datas que non poden ser, para evitar frustración en xeral.

Prosegue rogando que se cumpran os acordos plenarios, e di que hai un acordo dunha moción que presentou o BNG para o nomeamento de rúas, que se remitiu á Comisión Informativa, e dixo que non habería problema de falar e non se fixo, que se trata dunha moción de principios de ano. Pide que cumpran a moción relativa á mediana das Pías, xa que, di o concelleiro, houbo traballadores que non eran xardineiros que estaban traballando alí. Roga que se cumpra a moción de Barallobre xa que volveu haber un accidente no mesmo lugar e houbo unha moción na que se tomaron unha serie de acordos, que a Policía Local e o goberno, xunto coa Deputación Provincial, teñen que facer un esforzo en reforzar esta zona en materia de seguridade viaria e intentar buscar alternativas xestionadas pola propia Deputación. Roga tamén á presidenta da Comisión de Dinamización Social que tome medidas

e que falen cos máis de douscentos usuarios que solicitaron poder usar a piscina en verán, que eles coñecen as limitacións económicas do Concello, pero tamén saben que ante a demanda de tantos veciños pode ser interesante atendela, aínda que sexa con limitacións de horarios.

Continúa preguntando o concelleiro Manuel Polo Gundín sobre si teñen resposta da Xunta ou algún membro do goberno galego das obras que están pendentes no centro social, que saben que xa se puxo en marcha a cafetaría pero as obras da cociña que era a obra importante, segundo o concelleiro están pendentes. Pregunda si son conscientes de que fai quince días unha escasa choiva en Perlío provocou un asolagamento provocando un problema, cando non choveu máis de cen litros por metro cadrado en quince días, choiva que é totalmente insuficiente para provocar o asolagamento, xa que en decembro de dous mil seis cando se asolagou Perlío choveu máis de seiscentos litros por metro cadrado neses quince días, que é a metade do que chove en Fene nun ano enteiro, polo que non é un problema de cantidade de choiva senón que é un problema dunha mala limpeza do río, polo que queren saber cal é a opinión do goberno, xa que se acaba de facer unha actuación importante que custou moitos cartos ao goberno e vólvese atascar, polo que queren saber cales foron as causas e caso contrario rogan que aproveitando o bo tempo se faga unha revisión desta tubaría cara a evitar sucesos coma este no inverno. Pregunta tamén si se solicitou a subvención da Xunta de Galicia para soterrar as liñas de alta tensión tal e coma llo comunicou por escrito o día que saíu a convocatoria, xa que dende o BNG interesa moito esta actuación. Tamén quere preguntar por un rogo feito en Plenos anteriores, para saber cando teñen pensado convocar o Consello da Radio para falar da situación da mesma, xa que se perciben cambios de todo tipo e entenden que o espazo onde se teñen que xerar as propostas neste asunto debe ser no Consello.

Seguidamente a concelleira do grupo municipal do BNG, Rita María Couto Seijido, fai uso da palabra para rogar ao alcalde que se volva a prestar o servizo de atención á muller, que neste momento se encontra paralizado. Tamén manifesta a alegría do grupo municipal do BNG de que no mes de xuño se pagaran as axudas municipais de reis e as de emerxencia social do ano dous mil nove e roga para que esta situación non se volva repetir, xa que afecta a persoas que non teñen recursos.

A continuación a concelleira do grupo municipal do BNG, Inés Roca Requeijo, fai uso da palabra e roga ao alcalde que lles achegue unha copia do contrato que asinaron para a recollida dos voluminosos e roga que non tomen nota xa que pleno tras pleno e comisión tras comisión tanto o alcalde coma o concelleiro delegado toman nota pero aínda non llo facilitaron, polo que roga que si o contrato existe llo acheguen e se non existe que se diga, porque queren saber exactamente como está o tema dos voluminosos. Di que ten outro rogo para o concelleiro de obras e servizos e roga que deixe de improvisar e se poña a facer os deberes, que deixe xa a subcontratación e que faga caso ás peticións que se lle dan dende o seu grupo, que tiñan solicitado a contratación dun tractorista catro meses, dende maio a agosto ou dende xuño a setembro, para traballar polas tardes e na Comisión se lles deu conta de que só se vai facer contrato do tractorista durante dous meses, por falla de cartos, para logo dicir alegremente, que detectaron que algunhas zonas do Concello estaban mal e subcontrataron un tractor durante quince días, mañá e tarde.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Edgar Antonio Vigo López, que roga respecto as obras da EDAR, nas que se está a pintar o asfaltado que se lle recorde á Consellería que pinte tamén a zona que non se asfaltou, xa que coma consecuencia das obras o pintado quedou en mal estado.



A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Vicente Pico Sanmartín, que lle pregunta ao sr. alcalde se hai algún avance feito respecto do depósito de auga de Magalofes e pregunta tamén pola reunión que pediron conxuntamente os veciños de San Marcos, Sillobre e Magalofes co alcalde e os voceiros xa que di que hai dous meses e aínda non se sabe nada, xa que a reunión iría encamiñada a falar sobre temas das redes de auga e saneamento. Prosegue preguntando en relación ás parroquias de Magalofes e Barallobre en relación co cruce do Rego da Moa, e di que xa fai anos se pagou un proxecto á empresa Proyfe e se ía conveniar a súa execución coa Deputación e que a día de hoxe non saben nada disto, polo que roga que se mova este asunto para que poida entrar no orzamento da Deputación deste ano para a execución no próximo ano.

De seguido intervén o sr. alcalde que resposta respecto da obra da cociña do Centro sociocomunitario de Fene e di que non hai novidade ningunha por parte da Xunta de Galicia, que o último que se sabe é o xa comentado de que están a estudar a oferta económica e a posibilidade de facelo, que tamén seguen á espera da petición verbal feita, xa fai dous plenos, para concertar unha reunión sobre este tema na Xunta de Galicia cos voceiros dos grupos municipais e unha representación dos usuarios do centro. Respecto do tema do río en Perlío di que discrepa co dito de escasa choiva, xa que é certo que se teñen producido episodios meteorolóxicos máis adversos que produciron desbordamentos onde se produciron agora e máis abaixo, pero non se pode falar de escasa choiva cando houbo inundacións en toda Galicia e incluso na propia Comarca tamén houbo problemas, di que pensa que foi un fenómeno meteorolóxico adverso importante e que de feito a Xunta de Galicia incluíu a Fene nas zonas a axudar por eses efectos adversos do temporal e que sobre a limpeza do río e das obras que se fixeron foron a reposición da tubaxe da canalización do río nos tramos nos que estaba atascado, e di que xa se dixo neste Pleno, que eles non están de acordo na canalización do río nesa zona e que para eles a solución está en sacar o río á superficie e sinala que a sabendas de que o río está constrinxido na súa canle e que a zona de inundación natural do río está eliminada, toda vez que o río leva máis caudal que no pasado, xa que tanto Magalofes coma o río Cádavo reciben máis escorrentas de todo o pobo, xa que agora hai máis rúas, tellados, un polígono industrial e demais actuacións, pero que aínda así se podería paliar en gran medida coa apertura do río á superficie e que neste senso, remitiuse un proxecto á Xunta de Galicia valorado en catro millóns de euros parece que é excesivo para o acometer, polo que se está a traballar nunha memoria valorada que se finalizará nos próximos días e que se dará a coñecer aos distintos grupos políticos, a cal se remitirá de novo á Xunta de Galicia para ver se así, sen as excusas das dispoñibilidades de terreos, nin dun orzamento excesivo logran que a Xunta acepte acometer esta obra que resolva estas inundacións. Di que a inundación se produciu por unha combinación de dous factores, unha excesiva cantidade de auga e o arrastre do río de distintos elementos que non cre que a inundación se producise por unha deficiente limpeza, xa que a canle do río se limpou en abril, e uns días antes se cortou alí a herba da canle.

Continúa o sr. alcalde contestando, respecto da subvención da Xunta de Galicia para as liñas de alta tensión, dicindo que o prazo para solicitar a subvención remata o vinte de xullo e están totalmente a favor de poder soterrar esas liñas, aínda que lles parece un imposto totalmente revolucionario por parte de Fenosa, xa que entenden que tiña que ser Fenosa quen as soterrase, pero que en todo caso están a favor de poder facer a obra, sempre e cando se poida financiar, que a subvención se está a estudar para saber exactamente cantos cartos terá que poñer o Concello e de ser posible, terían que atopar os cartos para a podela financiar, sempre que sexan inferiores ao millón de euros para soterrar a liña ou de oito centos mil euros para o tramo de San Valentín que non eran asumibles para o Concello, pero que se obteñen algunha axuda a través desta subvención están a favor de que isto se poida facer. Prosegue dicindo respecto ao Consello da Radio que eles están esperando a rematar cos servizos económicos, para esclarecer toda a parte da publicidade emitida e dos ingresos

percibidos por publicidade nas emisións de Radio Fene, e logo de ter feito este traballo, se convocará o Consello da radio e poderán falar deste e doutros temas que afecten á radio municipal. En relación ao tema de Magalofes, o único que queda é solventar o trámite para escriturar no rexistro da propiedade eses terreos pola diferenza de metros cadrados que figuran nas escrituras e no propio catastro, e que o expediente está en Secretaría e tan axiña coma sexa posible e se o rexistro da propiedade acepta, poderán escriturar esta parcela. En relación coa reunión coa Asociación de veciños de San Marcos e Magalofes di que non hai ningún problema en poder celebrar esa xuntanza canto antes e mesmo logo do Pleno, xunto co concelleiro, poden concertar unha data para a semana que ven.

Prosegue o sr. alcalde contestando, respecto do proxecto de Rego da Moa, dicindo que este Concello remitiu o proxecto á Deputación dende hai máis de dous anos e hai o compromiso público da Deputación Provincial de financeiro, e cada vez que se consultou este tema á Deputación sempre se mostrou favorable para podelo executar, pero tamén é certo que está sen executar, polo que procede seguir insistindo na súa execución, xa que a parte do Concello que era redactar o proxecto e remitilo está feita.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que quere preguntar ao alcalde cal é previsión de remate das obras de Río Sandeu; xa que o concelleiro de Obras e Servizos dixo en Comisión que logo de rematar tódolos trámites das obras do POS 2007 comezaría co POS 2008, polo que lle pregunta a previsión do inicio dos trámites do POS 2008. Respecto da recollida dos voluminosos, esta semana puideron ver con sorpresa, coma un coche particular cun remolque levaba unha morea de televisores e ao día seguinte levaba lavadoras e outros voluminosos, polo que pregunta si ese coche pertence á empresa de voluminosos. Di que respecto da mediana das Pías que se dixo en Comisión que se ían plantar flores de lavanda e estes días veuse movemento pola zona, polo que pregunta se iso vai ser así segundo o acordado por este Pleno. Tamén quere saber se todos os policía locais que pasaron a segunda actividade teñen o recoñecemento formal por parte deste Concello. Prosegue dicindo que logo de consultar a Axencia de Datos pódese ver que o Concello de Fene, fronte a outros concellos de tamaño semellante que teñen varias bases de datos, Fene só ten dúas e pregúntase de se hai previsión de incorporar os datos que figuran na base de datos da Policía Local. Pregunta tamén sobre a previsión da apertura da piscina no verán. Roga que se arranxe a focha que hai na estrada da Fraga, focha que Pleno tras Pleno o Partido Popular pide que se arranxe. Di na estrada de Barallobre, na rúa Santiago 43, volveu haber outro accidente polo que pregunta si se remitiu á Deputación o acordo que tomou este Pleno e solicita unha copia deste.

Continúa o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal preguntando si se tomou algunha medida ou hai algunha previsión para axilizar os pagamentos ás comisións das distintas festas que se fan no Concello. Quere saber tamén se houbo algún tipo de contacto cos veciños da rúa Doutor Sixto Malvar en relación co sentido único da rúa. Pregunta tamén polo prometido na reunión cos representantes do Pobo Saharai, xa que se falou de colaboración e actos e non se soubo nada máis. Prosegue rogando que se desratice o contorno dos colectores de lixo próximos ao río das vivendas de Astano en San Valentín,. Roga que se arranxe a caseta da parada do bus de San Valentín na avenida das Pías e repiten o rogo da rotonda do polígono Vilar do Colo, que aínda non se desbrozou e segue sen luz, que non sabe si é Cabanas ou Fene, pero roga que se faga a xestión. Roga tamén sobre as beiravías da forxa en Perlío, e que aproveitando que están facendo obra por alí, se solicite unha pequena actuación, polo menos para facer un pequeno lavado de cara, xa que non están en bo estado. Roga a colocación do peche perimetral do parque infantil da ribeira de Barallobre e recorda que teñen pendentes varias cousas que non se entregaron, unha delas é diversa documentación relativa a Radio Fene, respecto do expediente da adquisición dos terreos para o depósito de auga en Magalofes e respecto da zona do río Cádavo en Perlío, de que hai

unha finca privada que se utiliza coma aparcadoiro público e roga que se faga un pouco de mantemento xa que está cedida para uso público.

De seguido intervén o sr. alcalde que resposta respecto das datas de remate das obras en Río Sandeu e di que sempre se comunicaron as datas que lles transmite TRAGSA e Demarcación de Costas do Estado que son os que fan a obra, que a primeira data que se deu foi a do quince de xuño, que el mesmo facilitou ao ser preguntado, xa que non ten porqué desconfiar das datas que se lle dan, que o pasado quince de xuño visitou a obra co enxeñeiro xefe da obra, Carlos Gil, xa que as obras estaban, obviamente, sen remate, e a explicación que deu a empresa foi que nos primeiros quince días do mes de xuño, debido ao mal tempo, os traballos foron practicamente imposibles, e que dende o Concello o que se pediu foi a adscrición de máis traballadores á obra para rematar canto antes, e se é o caso, que se habilite unha zona de acceso peonil axeitado mentres a obra non se remata, e que dende a semana pasada a empresa puxo a máis xente a traballar e dende o luns hai habilitado un acceso provisional, e que a nova data que se comunica para o remate desas obras é entre finais desta semana e finais da semana que ven, datas que proporciona a Demarcación de Costas, quedando pendente para o remate do verán a colocación de granito na zona de contención da parte do Concello de Ares e hase ver se isto é así e caso contrario o que quedará por parte do Concello e esixir que se faga canto antes.

Prosegue o sr. alcalde respondendo respecto da mediana das Pías, e di que se fixo referencia a un incumprimento dunha moción e que el cree lembrar que a moción, coas reservas de que o Pleno sexa competente para decidir que plantas plantar nas xardineiras e na mediana, que se substituíse a flor de tempada por plantas perennes e a lavanda non é unha flor, é un arbusto que florea, , o que evita o ter que cambiala cada tempada e que cando lle chegue o día floreará, pero que en todo caso, si que se está a cumprir o contido desa moción. Respecto da seguridade na estrada de Barallobre di que se lle transmitiu verbalmente á Deputación este e outros asuntos coma a baixada a ribeira de Maniños e o compromiso foi resolvelos, e se é preciso se transmitirá por escrito para que quede constancia. Respecto do pagamento das subvencións e das axudas di que se está a informar dende Intervención e a subsanar algunha documentación pendente e tan pronto remate este trámite se poderá proceder ao pagamento destas axudas. Respecto da pregunta sobre a reunión cos representantes do Pobo Saharauí di que esta última semana se falou cunha das representantes da asociación de Ferrolterra para intentar concretar ese festival solidario que se falara para realizar no Concello e se emprazaron a reunirse para ir pechando os detalles e podelo facer.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro José Antonio López Rodríguez que resposta respecto da previsión das obras do POS 2008 dicindo que esta obra estaba condicionada a facer as anteriores, POS 2007 máis o PCP, que respecto do PCP 2007, unha parte xa está desbloqueado, xa pasou o Pleno da Deputación Provincial, que o muro das Chancas tiña a exposición pública do expediente de modificación de crédito que xa acabou e que se remitirá esta semana antes do día oito para que poida ir a Comisión e ao Pleno da Deputación, que o POS 2007 está pendente, logo da contestación de Patrimonio, dun informe da Axencia de Legalidade Urbanística, que segundo conversas telefónicas feitas a semana pasada está a piques de contestar e barallan que o POS 2007 vaia ao Pleno de setembro, sempre e cando se desbloquee todo o anterior, e di que en todo caso, hai prórrogas concedidas ata novembro. Respecto da pregunta da recollida de voluminosos descoñece a procedencia do vehículo con remolque, que sabe que o servizo o dá un camión non moi grande pero pasará nota á Policía Local para que o investigue. En relación coa focha da estrada da Fraga di que é certo, que se puxo en contacto varias veces co persoal da Deputación e que lle dixeron que se ía arranxar pero ata o momento non fixeron nada, polo que haberá que tomar outro tipo de medidas xa que ademais da focha queren pintar o paso de peóns que está nunha zona de moito tránsito.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro Juan Manuel Lourido González que resposta que só hai un Policía que pasou a segunda actividade ao cumprir cincuenta e oito anos, que no Concello non hai catálogo de segunda actividade, que o axente está a desempeñar funcións administrativas dentro da Policía pero si que aparece na RPT os postos de segunda actividade para administrativos de Policía Local. Que en relación á incorporación de máis arquivos de datos á Axencia de Protección, se pediron varios orzamentos a distintas empresas e as limitacións son orzamentarias e conclúe que se está a mirar por parte dos servizos informáticos. En relación coa xuntanza cos veciños da rúa Malvar di que houbo unha xuntanza xa hai tempo e se lles deu algunha solución máis ou menos provisional, non obstante, hai dúas semanas xunto co xefe da Policía e dous operarios do Concello estiveron a ver si podían habilitar a rúa Calvario dun xeito moito máis seguro do que esta agora mesmo, xa que hai un poste de Fenosa que quedou no medio e se están facendo trámites para sacalo e habilitar dobre carril ata os garaxes, poidendo os usuarios deste subir e baixar e facer a saída da rúa por este lado. Di que tamén se está a facer a xestión con Estradas para poder pintar unha liña descontinua para os vehículos que veñen dende o Puntal poidan ter acceso legal, xa que actualmente hai moita xente que o está a usar ilegalmente.

A continuación fai uso da palabra a concelleira María del Carmen Silvar Canosa que resposta en relación á preguntas da piscina dicindo que a semana pasada deu conta na Comisión Informativa aos distintos concelleiros e concelleiras dunha inquietude que lle trasladaron algunhas persoas que usan a piscina para ver a posibilidade de abrir a piscina en verán, e coma dixo, este Concello actualmente non pode asumir ese gasto polo que se propuxo estudar outras opcións, que estes días tivo unha xuntanza, cara ao ano que ven, posto que xa estamos no verán, de facer un convenio de colaboración cos Concellos da comarca e poder abrir a piscina cada ano un Concello diferente, que quere recordar que Fene ten catorce mil habitantes e Narón por exemplo, que pasa de trinta mil, pecha todo o verán a súa piscina, e conclúe dicindo que actualmente sería un gasto que non se pode asumir e que traballarán en atopar unha solución.

A continuación o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para rogar que se axilice a aprobación dos orzamentos, tamén quere rogar que dende o Concello se presione á Xunta de Galicia, a Medio Ambiente e a Augas de Galicia para retomar aquel proxecto de catro millóns respecto da actuación no río Cádavo, que se tiña tratado coa anterior Xunta de Galicia, xa que coincide coa solución de abrir o río, e roga tamén que ante a previsión de fortes choivas o Concello poida facer unha actuación preventiva, e aproveita para felicitar ao persoal de obras, Policía Local e Protección Civil do Concello que cos medios dos que dispoñen realizaron un bo traballo. Roga tamén que coa chegada do verán se faga unha limpeza dos colectores de lixo. Tamén roga unha actuación nas marquesiñas para a limpeza da publicidade que acumulan. Roga que se tomen medidas coa xente que ten cans e deixan os excrementos nos xardíns, parques e praias. Continúa dicindo que dende a Mancomunidade se quere, cara ao ano que ven, contratar a limpeza e vixilancia de praias para o exercicio que ven e tamén lle parece interesante a proposta de convenio que di o alcalde de Cedeira para compartir a Policía Local nas festas locais.

Continúa preguntando o concelleiro Manuel Sánchez Martínez, que di que estes día remataron as obras do parque Castela e pregunta pola subvención que se pediu para o arranxo da Casa de Cela. Tamén quere preguntar polo estudo que se dixo que se ía facer dende Intervención para saber as necesidades de crédito que se podía ter, xa que o ano que ven, se non cambia a cousa, non se van poder solicitar cretos. Pregunta pola situación do campo de fútbol de Perlío e roga que se rematen as obras no verán cara ao comezo da tempada próxima. Tamén quere preguntar polo estado dunha traballadora de Servizos Sociais que reclamaba categoría, por saber se isto se vai solucionar aquí ou por outra vía e pregunta

tamén pola reclamación dun veciño de Sillobre, José Sardiña. En relación coa fusión das caixas de aforro de Galicia, pregunta polo peche da oficina da caixa de aforros de San Valentín, si vai ser por dous meses o vai ser definitivo.

De seguido intervén o sr. alcalde que resposta respecto do Convenio coa Deputación sobre a casa de Cela e di que xa foi aprobado pola Deputación e que se financian aproximadamente dous centos mil euros que supón o cen por cen do custe da obra, que o que falla é a convocatoria para a sinatura do correspondente convenio e posterior adxudicación da obra. Respecto do tema do creto Intervención xa fixo as averiguacións, pero entende que como se verán proximamente para falar do borrador do orzamento, nesa reunión e nese contexto falarán xa de todo isto, dos orzamentos, do crédito, de canto se pode solicitar e canto se quere solicitar, para logo tomar as decisións que se consideren oportunas, que en todo caso os datos xa están xa e se poden ver cando se queira. Prosegue respondendo respecto do campo de fútbol dicindo que nos primeiros proxectos o técnico municipal de camiños no seu primeiro informe puxo unha serie de reparos ou recomendacións antes de ser informado positivamente e o último proxecto foi presentado hoxe, que se pasará á oficina técnica para darlle o visto bo e posteriormente á Secretaría para que emita o seu informe xurídico e poder xa contratar a obra, que a esperan iniciar canto antes. Respecto da reclamación dunha traballadora dos Servizos Sociais do Concello di que hai dúas sentencias que chegaron ao Concello, unha estimatoria e outra desestimatoria, que concretamente na que se lle dá a razón á traballadora o Concello acata a sentenza e subsanará as deficiencias que se sinalan e sobre a outra o que di concretamente é que calquera mellora que se poida producir nas condicións laborais desa traballadora terá que ser contemplada no marco do convenio dos traballadores e traballadoras do Concello de Fene e na mesa de negociación xeral do Concello, coma de calquera outro traballador, polo que entende que o tema sairá e se poderá falar entre tódolos grupos políticos e ver cal é a vontade da Corporación cara á toma de decisións sobre deste asunto, que en todo caso serían voluntarias e no marco da negociación colectiva do propio Concello. Respecto do tema do veciño de Sillobre polo que se preguntaba di que hai unha serie de denuncias deste veciño ao seu veciño por unhas obras de augas que está a facer, que a oficina técnica emitiu xa varios informes sobre deste asunto, que o arquitecto técnico fixo unha visita de comprobación, que se obrigou ao colindante a facer unha serie de melloras, que agora hai un problema de humidades que aparecen na adega colindante, que do informe do arquitecto técnico se deduce que estas humidades non se pode deducir necesariamente que sexan consecuencia da obra e polo tanto, en termos estritos entende que se están a mover no marco dunha disputa entre particulares que teñen o seu campo de xogo no xulgado, que en todo caso o Concello o que está a facer é de mediador cara a un entendementos entre os veciños e por último, respecto da oficina de Caixa Galicia de San Valentín a única noticia que ten é que vai pechar dous meses por vacacións, coma xa pechou tamén en algunha outra ocasión e que logo reabrirá, que si se entra no terreo da especulación e sobre a información que se pode ter sobre a fusión das caixas e o seu efecto en Fene, evidentemente é difícil de crer que a nova caixa manteña as catro oficinas que actualmente hai, entre Caixa Galicia e Caixa Nova, en Fene, xa que se está a falar dunha redución importante do número de oficinas en Fene e o normal por volume de habitantes é que estean a pensar en que algunha das oficinas non sobreviva, pero non saben nin cantas, nin cales, que tamén é certo que o proceso que as caixas teñen trazado é para varios anos e cando preguntaron nunca lles dixeron que á volta do verán se ían tomar decisións sobre o peche de oficinas e rescisión de contratos de traballadores, se non que sería un proceso que iría máis a longo prazo, polo que cando iso xurda xa se tratará.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretario xeral, dou fe.

Visto e prace,  
O alcalde-presidente

O secretario,

Iván Puentes Rivera

Jesús Tallón García